

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE MARZO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de marzo de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de técnico/a de administración xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de analista programador/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2025).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de técnico/a de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2025).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de traballador/a social pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2025).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de educador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2025).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2025).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6581570673157535177.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-3-2026

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para a convocatoria específica por concurso-oposición dunha bolsa de traballo na categoría de técnico/a especialista en estratexias urbanas financiadas con fondos FEDER (grupo A1)-funcionario/a interino/a.

Acórdase aprobar a permuta de destinos dun funcionario da Policía Local do Concello de Lugo e un funcionario da Policía Local do Concello da Coruña.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a primeira prórroga do contrato dende o 28/05/2026 ata o 27/05/2027 na contratación do programa xadrez para escolares dirixido a alumnado de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2025/C003/000016.

Tamén se acorda ampliación do prazo da concesión do uso privativo do campo municipal de fútbol José Carballido Cerceda. Expte. Ref. 2025-C012-000002.

Acórdase a primeira prórroga dende o 26/03/2026 ata o 25/03/2027 na contratación dun servizo de limpeza e desinfección certificada dos equipos de protección individual (Epis) das persoas traballadoras do recinto do Cemiterio de San Froilán. Exp. Ref.: 2025/C003/000005.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de vixianza de seguridade para eventos no soto da Praza de Abastos e Mercado Municipal e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2026/C003/000001.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de produtos de limpeza, e hixiénico-sanitarios para os servizos da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza: recinto Cemiterio San Froilán e Prazas e Mercados e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2026/C004/000003.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lugo para a cesión dun aparcadoiro disuasorio executado no termo municipal de Lugo, na contorna da avenida de Breogán, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu.

Acórdase aprobar a delegación de competencias no tenente de alcalde da

Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, para a adopción de todos os actos administrativos en relación coa aprobación da “Addenda ao convenio-marco de colaboración educativa entre o Concello de Lugo e o CIFP as Mercedes de Lugo para ao desenvolvemento dun programa de formación en centros de traballo”.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. CULTURA.- Acórdase aprobar o informe proposta de toma de coñecemento da omisión da función interventora relativo á factura presentada pola actuación do grupo Moondanal o 29.09.2024 con motivo da 4ª Quedada Motorista no Pavillón Politécnico.

Fóra da orde do día tratáronse os seguintes asuntos:

- Aprobouse a contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións téncias e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación.

- Aprobouse a atribución temporal das funcións de sarxento xefe de Bombeiros a un funcionario do dito corpo, por un período máximo de seis meses, a contar dende o día seguinte á notificación do acordo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.